



Olaia Alonso

Directora
Demostra

demostra
ARQUITECTURA EFÍMERA



// Sector
Servizos



// Localización
Nigrán



// Ano de constitución
2007



// N^o empregados
3

// Descrición da empresa

Demostra é unha empresa que se adica ó deseño de espazos expositivos, por exemplo, stands ou escenarios para diferentes eventos que amosen unha visión innovadora.

En definitiva, desenvolven o que eles cualifican como “arquitectura efímera”. Por dicilo dalgún xeito, son a extensión dos departamentos de marketing no ámbito feiral e de eventos corporativos.

O seu segmento son marcas galegas exportadoras e executan proxectos en calquera parte grazas á súa rede de colaboradores.

“Agora somos máis eficientes, grazas a que temos novas ferramentas, perspectivas e métodos”

Olaia Alonso, Directora de Demostra

// Descrición do proxecto

Dende a súa fundación, a empresa foi medrando cunha única persoa. A medida que aumenta a facturación, era preciso contratar máis persoal e acometer unha asignación de tarefas.

Polo tanto, DEMOSTRA precisaba conseguir unha perspectiva máis técnica que reorientase e ordenase o seu crecemento.

Para poder logralo, foi preciso detectar primeiro cales eran as necesidades de mellora. A partir de aí, puideron establecerse organigramas como base para chegar ó obxectivo de organizar o tempo e as funcións principais, así como para detectar novas actividades necesarias para o desenvolvemento da empresa.





SOMOS DEMOSTRA

APORTAMOS VALOR

// O resultado

A empresa logrou un desenvolvemento da súa actividade máis asentado e firme.

Grazas á súa participación no programa Re-acciona, dende a empresa puideron darlle forma concreta ós diferentes procesos de creación, para poder xerar un método e un sistema de control.

DEMOSTRA converteuse nunha empresa que vai máis alá, é dicir, non vende un produto sen máis, senón que consegue detectar as necesidades de cada cliente para poder ofrecer valor e tamén confianza.

“Con Re-acciona descubrimos que as mínimas accións teñen peso e xeran resultados”

Olaia Alonso
Directora de Demostra



SOMOS DEMOSTRA

BUSCAMOS LA EXCELENCIA



// Web

<http://www.demostra.com>



// Vídeo

Ver video

Re-acciona

Programa para a mellora da competitividade das pemes galegas posto en marcha polo Igape e que conta coa cofinanciación da Unión Europea a través do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.